

## ANTONIO NEIRA DE MOSQUERA, XORNALISTA

Xosé Ramón Fandiño Veiga

### SEMBLANZA ROMÁNTICA DE NEIRA DE MOSQUERA

O xornalista santiagués Antonio Neira de Mosquera pertence á xeración que os historiadores da literatura galega denominan *Provincialistas*, un grupo de escritores e intelectuais que senten a inquedaanza de reafirmar a personalidade histórica e cultural de Galicia. O primeiro Provincialismo ou Xeración do 46 é coincidente cos primeiros síntomas do *Rexurdimento* da literatura en idioma galego, representados pola publicación en 1845 dos poemas “O desconsolo” de Alberto Camino, “Recordos da infancia” de Francisco Añón, “A usura” de Xoán Manuel Pintos e “Suidades” de Marcial Valladares. Malia estas primeiras manifestacións, a explosión do Rexurdimento non terá lugar ata o segundo Provincialismo ou xeración de Rosalía, Curros e Pondal porque, en palabras de María do Carme Ríos Panisse, “a realidade é que a situación do país non facilitaba outro uso do galego que o que fixeron os primeiros provincialistas: unha introdución poética puntual e moi dosificada” (Ríos Panisse 2000: 152).

Esta xeración de mozos universitarios optimistas e loitadores viron freadas as súas ansias democratizadoras e de redención de Galicia tras o levantamento de 1846, iniciado co pronunciamento do comandante Miguel Solís e concluído co fusilamento dos Mártires de Carral e co exilio de moitos



ANTONIO NEIRA DE MOSQUERA  
1818-1853

